

## **Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Abril 2007**

### **COMUNICADO**

---

#### **En abril de 2007 descende o gasto diario medio e o número de pernoitas dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia respecto ao mesmo mes do ano anterior**

**O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia descendeu en abril de 2007 un 6,0% en taxa interanual.**

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” de abril de 2007, o importe do gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos foi de 42,5 millóns de euros, o que supuxo un descenso do 6,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Coa excepción da provincia de Ourense, rexistrouse un descenso do 8,5%, 10,0% e 4,7% no gasto realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra respectivamente. Pola contra aumentou nun 12,6% na provincia de Ourense, aínda que representan tan so o 7,4% do total.

O descenso do gasto total dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros produciuse en todas as categorías consideradas. Así, a maior variación rexistrouse na categoría de cinco estrelas, cun descenso en abril de 2007 do 10,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior. O descenso na categoría de tres e catro estrelas situouse nun 7,2% e 4,3%.

A taxa de variación do gasto total acumulada no que vai do ano foi de -4,8%.

A variación acumulado é do -7,1% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

**Descende nun 4,9% interanual o gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia en abril de 2007.**

O gasto diario medio por persoa situouse en abril de 2007 en 121,7 euros, experimentando un descenso interanual do 4,9%.

Do mesmo modo que sucedeu co gasto total, o gasto diario medio por persoa dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia descendeu en todas as provincias agás en Ourense. Particularmente o gasto diario medio por persoa descendeu nun 5,9% na provincia da Coruña, nun 18,8% na provincia de Lugo e nun 2,8% na provincia de Pontevedra. A variación interanual do gasto diario medio por persoa na provincia de Ourense foi dun 12,2%.

A distinta intensidade na variación interanual do gasto total e gasto diario medio reflicte un descenso interanual no número de pernoitas realizadas nos establecementos hoteleiros de 3 e mais estrelas nas provincias da Coruña e Lugo, e un aumento nas provincias de Ourense e Pontevedra respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Do mesmo xeito o gasto diario medio descendeu en todas as categorías analizadas, destacando o descenso do 14,2% rexistrado na categoría de cinco estrelas fronte ao descenso interanual do 5,0% e 3,4% experimentado nas categorías de 3 e 4 estrelas respectivamente.

Pódese observar tamén neste caso que o número de pernoitas nos establecementos hoteleiros de Galicia descendeu en termos interanuais nas categorías de tres e cinco estrelas mentres que aumentou na de catro estrelas.

### Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Abril 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	42.544,5	-6,0%	-4,8%
Gasto diario medio por persoa (euros)	121,7	-4,9%	-5,7%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Gasto total (miles de euros)	115,6	-9,7%	-7,1%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

### Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Abril 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>Gasto total</b>	<b>42.544,5</b>	<b>-6,0%</b>	<b>-4,8%</b>
A Coruña	19.336,3	-8,5%	-10,3%
Lugo	3.159,7	-10,0%	2,8%
Ourense	2.578,6	12,6%	11,6%
Pontevedra	17.469,9	-4,7%	-1,6%
<b>Gasto diario medio</b>	<b>121,7</b>	<b>-4,9%</b>	<b>-5,7%</b>
A Coruña	121,2	-5,9%	-6,3%
Lugo	101,2	-18,8%	-12,0%
Ourense	115,3	12,2%	13,7%
Pontevedra	128,1	-2,8%	-5,8%


FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Abril 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>Gasto total</b>	<b>42.544,5</b>	<b>-6,0%</b>	<b>-4,8%</b>
3 estrelas	15.017,4	-7,2%	-4,3%
4 estrelas	23.191,5	-4,3%	-2,4%
5 estrelas	4.335,6	-10,7%	-17,7%
<b>Gasto diario medio</b>	<b>121,7</b>	<b>-4,9%</b>	<b>-5,7%</b>
3 estrelas	99,5	-5,0%	-5,2%
4 estrelas	132,4	-3,4%	-4,2%
5 estrelas	185,0	-14,2%	-12,6%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 Fax: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>